



Estimada Alcaldesa,

En relación co acordo adoptado polo pleno do Concello de Lourenzá que ten entrada no Rexistro Xeral desta Deputación, con data de setembro do 2013, relativo a solicitude de incremento da contía da axuda económica concedida pola Deputación de Lugo para a celebración da tradicional “Festa da Faba”, poñemos no seu coñecemento que debido á diminución do orzamento xeral da entidade para o ano 2013, cunha caída desde o 2007 de 22.940.013,08 €, a Deputación de Lugo continúa facendo todo o posible para manter o apoio económico á festa que non leva a cabo a Xunta de Galicia coas Festas de Interese Turístico Galego na nosa provincia.

Non obstante, a Deputación proponlle a máxima colaboración no devandito evento a través da Fundación para o desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (Fundación TIC) poñendo á súa disposición os medios de comunicación necesarios para contribuír a unha maior difusión dos actos que conleva a celebración, así como a unha repercusión mediática que supere o ámbito local e galego.

Igualmente, co motivo da celebración da “Festa da Faba” de Lourenzá os días 5 e 6 de outubro de 2013, esta entidade propón organizar unha serie de actividades lúdicas e medioambientais para o disfrute dos visitantes, tal e como ven facendo ó longo dos últimos anos co programa “Lugoteando” en diferentes puntos da provincia. Ditas actividades son compatibles coa “Festa da Faba” e contribuírán a dinamizar aínda máis a celebración.

Por elo, alcaldesa, SOLICITAMOS

Autorización para poder realizar actividades lúdicas “Lugoteando” na praza principal do concello de Lourenzá, os días 5 e 6 de outubro de 2013, en horario de 15.00 h a 20.00 h. aproximadamente.

Rogamos nos envíen contestación á presente solicitude no prazo dos cinco días naturais seguintes á súa recepción. En caso contrario, alcaldesa, entenderemos que non é de interese do concello a petición e enviáremola a outros concellos.

Unha forte aperta.

Lugo, 17 de setembro de 2013

O Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia ós Concellos

Álvaro Santos Ramos

**ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ**